

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10.305-77

ACTA DE EMENDA DO SOBRE ÚNICO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS

Con data do 6 de abril de 2022 publicouse no perfil de contratante o expediente do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis, aprobado por acordo da Xunta de Goberno local na sesión do 25 de marzo de 2022.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, o 22 de abril de 2022 ás 12:00 horas, reuníronse a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 11/04/2022) coa técnica de Administración Xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2019) para a apertura do sobre único de conformidade co previsto na cláusula 20.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Á vista da documentación presentada acordouse:

- a) *“De conformidade coa cláusula 20.2 do PCAP, non admitir a LEMOS RENOVABLES, S.L. neste procedemento por non axustarse a súa proposición ao modelo recollido no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).*
- b) *Conceder un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:*
 1. *ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP.*
 2. *CLIMAWORK: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP, presentar o anexo II do PCAP e emendar o DEUC (concretamente, deberá responder negativamente á pregunta recollida na parte III “Motivos de exclusión” relativa ao incumprimento das obrigas de cotización coa Seguridade Social).*
 3. *SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP e presentar o anexo II do PCAP.*
 4. *TERMOCALOR VIGO, S.L.: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP”.*

Este acordo foi notificado aos interesados con data do 25 de abril de 2022.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación todos os licitadores:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:26	Páxina 1 de 2
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AFA4AB-E9B22D-B4448B-HF9VAM-BYJBAD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L. (documento nº 220082734 do 27 de abril de 2022): achega documentación acreditativa da habilitación profesional.
2. CLIMAWORK (documento nº 220084300 do 28 de abril de 2022): achega documentación acreditativa da habilitación profesional e o Anexo II do PCAP e o DEUC debidamente cumprimentados.
3. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (documento nº 220083412 do 27 de abril de 2022): achega documentación acreditativa da habilitación profesional e o Anexo II do PCAP debidamente cumprimentado.
4. TERMOCALOR VIGO, S.L (documento nº 220082170 do 26 de abril de 2022): achega documentación acreditativa da habilitación profesional.

Á vista da documentación presentada, procede admitir aos catro licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida na cláusula 13.1 do PCAP.

Para os efectos de adxudicar este contrato, o servizo xestor deberá comprobar se as ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados conforme aos criterios previstos no artigo 85 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP) e, se procede, valorar as proposicións presentadas segundo a fórmula recollida no apartado 6A do citado Anexo I.

A técnica de Administración xeral
(por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2019)
(sinatura dixital)

A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 11/04/2022)
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:26	Páxina 2 de 2
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AFA4AB-E9B22D-B4448B-HF9VAM-BYJBAD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		